



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Convocatoria de programas de apoio á cultura dirixidos a entidades para actividades e investimentos durante o ano 2013

Convocatoria de programas de apoio á cultura dirixidos a entidades para actividades e investimentos durante o ano 2013

1.- LIÑAS ESTRATÉXICAS.

A Deputación da Coruña ten entre as súas prioridades políticas o apoio ás entidades culturais e artísticas sen ánimo de lucro na realización de actividades e na dotación de equipamentos culturais para, deste xeito, contribuir a que acaden os obxectivos que lles son propios e fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación.

Na presente convocatoria fíxanse as iniciativas que contribúen á realización das ditas prioridades e márcanse obxectivos de carácter xeral: a mellora da xestión e da organización das asociacións e das actividades desenvolvidas por elas, fomentando a adecuación dos medios que teñan á súa disposición, integrando nas actividades socioculturais á poboación en xeral, e á mocidade, ás mulleres e aos maiores, en particular.

Son prioritarias nesta convocatoria as accións tendentes a facilitar á cidadanía un uso activo e creativo do ocio, sinaladamente a través da formación nalgunha expresión artística e no seu perfeccionamento

A Deputación quere contribuir a promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura e identidade propia de Galicia, así coma as destinadas a recuperar o rico patrimonio provincial: tradicional, histórico, musical, folklórico, arquitectónico, etnográfico, lingüístico etc...

2.- FINALIDADE E OBXECTO.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, e con cargo ao Orzamento da Deputación da Coruña para 2013, convócanse, para o período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013, os seguintes programas:

Materia	Programa	Referencia	Aplicación orzamentaria
CULTURA	Subv. para actividade xeral	F0203	0601/334A/481
	Subv. para infraestrutura e equipamento	F0204	0601/334A/781

3.- CONDICIÓN DA CONVOCATORIA.

3.1.- Quedan excluídas da presente convocatoria e, xa que logo, non serán obxecto das subvencións as seguintes actividades e investimentos:

3.1.1.- As actividades ou investimentos subvencionados, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de plans provinciais da Deputación da Coruña.

3.1.2.- As actuacións solicitadas por agrupacións artísticas, dado que existe unha convocatoria específica para estas actividades: a Rede Cultural.

3.1.3.- Os investimentos cuxo obxecto coincida, aínda que sexa parcialmente, co de solicitudes xa financiadas en exercicios anteriores.

3.1.4.- Os gastos de manutención, aloxamento e atencións protocolarias; por elo, este tipo de gastos, tampouco poderán incluírse nos orzamentos que se presenten para calquera outra finalidade.

3.1.5.- As viaxes de ocio e as festas, agás as declaradas de interese cultural.

3.1.6.- A adquisición ou construción de novos locais.

3.1.7.- Os gastos de funcionamento das entidades.

3.2.- As entidades deberán optar por un dos programas convocados polo Servizo de Fomento, de xeito que só poderán presentar unha única solicitude.

3.3.- As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática e audiovisual) que se faga das actividades ou investimentos subvencionados, e na súa páxina web.

3.4.- No suposto de rehabilitación e mellora de bens inventariables, as entidades beneficiarias da subvención quedan obrigadas a destinar os bens ao fin concreto para o que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos.

3.5.- O importe do orzamento da actividade ou investimento terá un mínimo de 3.000 € e un máximo de 75.000 €.

O importe da subvención terá un mínimo de 600 € e un máximo de 30.000 €.

3.6.- O importe da subvención solicitada será entre o 20% e o 70% do orzamento de gastos.

4.- CONDICIÓN DAS ENTIDADES SOLICITANTES.

Poderán optar aos programas contidos na presente convocatoria as entidades de carácter cultural, que cumpran os seguintes requisitos:

* Estar legalmente constituídas, antes do 1 de xaneiro de 2013.

* Ter o domicilio fiscal na provincia da Coruña, ou acreditar que as súas actividades realizaranse no ámbito territorial da provincia.

* Ter un número mínimo de vinte socios, agás as entidades ás que, pola súa natureza, non lles sexa de aplicación (fundacións, comités organizadores, academias).

* Carecer de fins de lucro.

* Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

* Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Deputación e coa Seguridade Social.

Os comités organizadores e persoas físicas, poderán participar na presente convocatoria unicamente no caso de peticións que teñan por obxecto a promoción de congresos e exposicións, e sempre que cumpran os demais requisitos da convocatoria.

5.- DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán na páxina web de Deputación: www.dicoruna.es.

Achegarase tamén a seguinte documentación:

5.1.- Documentación xeral da entidade:

A.- Fotocopia da tarxeta do NIF da entidade e da tarxeta do NIF do representante.

No caso de que a entidade solicitante presente o NIF dunha entidade de ámbito superior, deberá acreditar que conta coa autorización da entidade titular do NIF para a súa utilización.

B.- Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade.

C.- Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade, segundo modelo aprobado pola Deputación da Coruña.

D.- Certificación orixinal acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións coa Deputación da Coruña.

E.- Declaración de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Deputación da Coruña e coa Seguridade Social.

F.- Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública, e de aceptación das bases da convocatoria.

G.- Autorización para que a Deputación da Coruña poida obter as certificacións acreditativas de que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagos das subvencións.

No caso de non dar esta autorización, a entidade deberá presentar as acreditacións con anterioridade ao pago.

H.- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información que se faga das actividades ou investimentos subvencionados.

I.- Certificación na que se exprese o número de socios activos, que terá que acadar un mínimo de vinte.

K.- Correo electrónico para comunicacións de trámite e de requerimento de documentación.

5.2.- Documentación específica da subvención:

L.- Memoria explicativa da actividade ou investimento que se vai realizar, que fará mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda e calendario fixado.

M.- Orzamento estimado dos gastos.

No caso de que o obxecto da subvención sexa a realización dunha actividade, poderán ser gastos subvencionables aqueles de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 13% dos gastos directos da actividade. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no presuposto.

A entidade haberá de solicitar tres ofertas de distintos provedores, no caso de que o gasto sexa superior a 50.000 €, para realización de obras, ou superior a 18.000 € para adquisición de equipamento ou prestación de servizos.

N.- Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 70% do orzamento de gastos, e declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.

Ñ.- No caso de comités organizadores: identificación dos seus integrantes (nome e apelidos, enderezo e nº D.N.I.), compromisos de execución asumido por cada membro do comité e porcentaxe da subvención que se aplicará a cada un deles.

Ademais do anterior, no caso de realización de obras ou investimentos:

O.- Documentación que identifique correctamente a obra ou adquisición que se vai realizar: orzamento, memoria estimada ou proxecto de técnico competente e fotografías do local ou instalación.

P.- Compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística, e ao respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio ambiente.

Q.- Acreditación da titularidade do ben para o que se solicita a subvención.

No caso de que a entidade non teña a propiedade do ben no que se vai facer o investimento, presentarase a autorización do propietario.

De conformidade co art. 35.f) da Lei 30/1992, se os documentos solicitados nos apartados A, B e C, anteriores están en poder da Deputación da Coruña, o solicitante non terá que volver remitilos.

A documentación que se entregue en fotocopia ha de vir compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 5 deberá ser corrixido no prazo de dez días dende a recepción do requirimento.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

6.1.- As solicitudes presentarase de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación da Coruña: www.dicoruna.es.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

6.2.- Presentación CON sinatura electrónica.-

Será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica:

* A persoa designada como representante, para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

* O secretario e o presidente para asinar a documentación achegada.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día 15 de xaneiro de 2013 e rematará ás 00:00 horas do día 23 de febreiro de 2013.

6.3.- Presentación SEN sinatura electrónica.-

No caso de carecer de sinatura electrónica, unha vez realizada a solicitude de xeito telemático, achegarse o resguardo da solicitude ao Rexistro Xeral da Deputación da Coruña, aos rexistros municipais dos concellos que teñen asinado convenio coa Deputación da Coruña para este fin ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación do resguardo da solicitude telemática nos rexistros indicados no parágrafo anterior iniciarase o día 15 de xaneiro de 2013 e rematará o día 22 de febreiro de 2013.

6.4.- Non obstante o anterior, ao longo do ano poderán presentarse solicitudes que, por circunstancias novas ou por causas imprevisibles e excepcionais, non puidesen presentarse no prazo sinalado no parágrafo anterior; esta circunstancia

deberá motivarse adecuadamente, e o importe total das concesións por cada partida orzamentaria non poderá superar o 10% do importe total da consignación desta. Estas peticións tramitaranse de acordo coas presentes bases, agás no cumprimento do prazo.

7.- RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS.

A concesión das subvencións realizarase, mediante un réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada por resolución da Presidencia, despois da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente, requirindo informe do Servizo de Fomento.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidenta: Deputada presidenta da Comisión de cultura, educación, deporte e mocidade.

Vocais: Tres deputados/as designados/as polo presidente da Deputación da Coruña.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un/ha funcionario/a do Servizo de Fomento.

7.1.- Valoración das solicitudes.-

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades e investimentos que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

- * Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 40 puntos.
- * Adecuación das actividades ou investimentos que se van realizar ao interese provincial: ata 35 puntos.
- * Número de persoas beneficiarias directa ou indirectamente polas actividades ou investimentos: ata 20 puntos.
- * Emprego da lingua galega na súa realización: ata 5 puntos.

7.2.- Notificación e publicidade da resolución.

A resolución de concesión deberase notificar expresamente ás entidades solicitantes de forma fidedigna; as subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no mes seguinte a cada trimestre natural, con relación ás subvencións concedidas no trimestre inmediato anterior.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

7.3.- Reformulación das solicitudes.

De acordo co establecido no art.27 da Lei xeral de subvencións e no 61 do seu Regulamento, a reformulación das solicitudes realizarase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención é inferior ao solicitado polo beneficiario, o orzamento subvencionado que deberá ser xustificado posteriormente, determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento proposto polo beneficiario.

7.4.- Modificación dos conceptos.

Despois da notificación da resolución de concesión, e logo de solicitude razoada da entidades beneficiaria da subvención, poderá autorizarse a modificación da solicitude inicial, mediante o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou orzamento da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude deberá presentarse no prazo de tres meses, que se han contar dende a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo da proposta previa da comisión avaliadora que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

* Se o orzamento da nova actividade ou investimento é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, mantéranse as mesmas condicións da subvención concedida: coeficiente de financiamento, importe da subvención e orzamento subvencionado.

* Se o orzamento da nova actividade ou investimento é inferior ao orzamento subvencionado inicial, a comisión avaliadora, logo do informe previo do Servizo de Fomento, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores aos inicialmente establecidos, e o novo coeficiente de financiamento.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

8.1.- Prazo de xustificación.-

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de maio de 2014.

Este prazo poderán ser ampliado ata o 31 de xullo de 2014, como máximo; esta ampliación poderá ser realizada por solicitude do interesado, realizada antes do 30 de abril de 2014, ou a proposta razoada da unidade xestora.

8.2.- Consideracións xerais.-

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos e os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

8.2.1.- O coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentados pola entidade.

O orzamento subvencionado a xustificar que será o que se teña que xustificar para poder cobrar a subvención é o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do orzamento subvencionado a xustificar.

8.2.2.- O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

8.2.3.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

8.2.4.- As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autopista, tiques de aparcadoiro, etc).

O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que o dito gasto se considere "non subvencionable", de conformidade cos art. 72.2, 75.2 e 89 do Regulamento de subvencións, en relación cos art. 31.2 e 37 da Lei xeral de subvencións, sempre que o dito gasto supere o importe de 2.500 €.

8.2.5.- A entidade beneficiaria deberá someterse aos procedementos de control ou de auditoría que se realicen pola Intervención Provincial, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras, e tamén, na súa condición de contadante, aos procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderase esixir responsabilidade administrativa, consonte ao previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código Penal.

8.2.6.- As entidades beneficiarias ás que lles resulta de aplicación obligatoria o Plan de contas adaptado ás entidades non lucrativas, estarán ao disposto no R.D. 1491/2011, do 24 de outubro; as restantes entidades beneficiarias levarán os seguintes libros e rexistros:

* Libro diario de ingresos e gastos, no que se reflectan por orde cronolóxica todos os ingresos e gastos, que deberá estar debidamente conciliado cos movementos realizados a través das contas bancarias. O dito libro deberá estar dilixenciado polo presidente, polo secretario e polo tesoureiro da entidade.

* Liquidación anual de ingresos e gastos, que deberá resultar dos movementos producidos no libro anterior, e na que quedará constancia da súa aprobación pola asemblea de socios.

* Libro de Inventario, no que se reflectan axeitedamente todos os bens e dereitos da entidade, así coma as súas altas e baixas, e que tamén deberá ser dilixenciados polo presidente, secretario e tesoureiro.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións teñen a obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da xustificación, en tanto que poden ser obxecto das correspondentes actividades de control

8.3.- Documentación xustificativa.-

Para o cobro da subvención as entidades deberán presentar unha conta xustificativa simplificada, mediante a aportación da seguinte documentación:

A.- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades ou investimentos realizados, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada en todas as follas, con identificación do asinante (nome e apelidos e cargo).

No caso de subvencións que teñan por finalidade a realización de proxectos que xeren gastos de investimento, a memoria deberá reflectir expresamente os seguintes termos: obtención de licenzas preceptivas, cumprimento de normas contractuais, acreditar a recepción da obra ou do equipamento e cumprimento da obriga de destinar os bens ao fin concreto para o que foi concedida a subvención, por un período mínimo de cinco anos.

Se o importe do gasto subvencionable supera a contía de 50.000 €, no suposto de realización de obras, ou de 18.000 €, no suposto de suministro de bens de equipo ou de prestación de servizos por empresas de consultoría ou de asistencia técnica, a entidade beneficiaria da subvención deberá acreditar a solicitude dos tres orzamentos establecidos no art. 31.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

B.- Relación clasificada de gastos realizados, asinada polo secretario da entidade, co visto e praxe do seu presidente, e con identificación dos acreedores (nome da empresa e NIF ou, no seu caso, nome, apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e das desviacións acaecidas en relación ao orzamento.

Para os gastos de persoal indicárase para cada traballador/a e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

Admitiranse xustificantes correspondentes a actividades ou investimentos realizados entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de maio de 2014, ou no caso de prórroga, o 31 de xullo de 2014.

No caso de programas ou proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentárase declaración de que os xustificantes que se presentan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores.

C.- Certificación expedida polo secretario da entidade, co visto e praxe do seu presidente, na que se faga constar que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

D.- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade ou investimento subvencionado, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración concedente, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ó que se refiren os gastos.

E.- Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades ou investimentos subvencionados.

8.4.- Tramitación da xustificación.-

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de excepcionar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa aportación da documentación sinalada na base anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da Sección de Cultura e Deportes e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

* No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado a xustificar, aboarase a totalidade da subvención.

* No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 50% do orzamento subvencionado a xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.

* No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado a xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo arquivárase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

A Deputación da Coruña poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Conforme ao que se dispoñe na Base 54ª.-4º das de execución do orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio 2013, o grao de execución das actividades ou investimentos subvencionados poderá ser considerado entre os criterios de valoración en futuras convocatorias.

9.- INCUMPRIMENTOS E SANCIONES.

Vencido o prazo de xustificación sinalado na base 8.1 ou, no seu caso, a prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, a Sección de Cultura e Deportes a requerirá para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá ao beneficiario da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- * Retraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 75 €.
- * Retraso na presentación da xustificación de un mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 400 €.
- * Retraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: sanción do 30% do importe da subvención, co límite de 900 €.

10.- CONTROL FINANCIERO POSTERIOR.

Consonte co disposto no art. 44 e seguintes da Lei xeral de subvencións, a Intervención Provincial da Deputación da Coruña elaborará anualmente o Plan de control financeiro das subvencións xustificadas e pagadas no ano anterior coa finalidade de comprobar, entre outros aspectos, o cumprimento das obrigas das entidades beneficiarias e a axeitada aplicación da subvención.

Disposición adicional primera

Con carácter xeral admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas:

- * Diante de notario.
- * Polo Rexistro Xeral da Deputación da Coruña.
- * Pola secretaría do concello, ou persoa habilitada ao efecto, cando se refiran a expedientes de entidades do seu termo municipal.
- * Polo Rexistro doutros organismos públicos, naqueles casos nos que se presenten os documentos a través doutros organismos públicos que estean autorizados a efectos de rexistro.

Disposición adicional segunda

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2013, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Disposición adicional terceira

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvencións.

Disposición adicional cuarta

1.- A aprobación da presente convocatoria queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2013 no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender ás solicitudes que ao amparo daquela se presenten.

2.- Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de trascendencia presupostaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.

3.- En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

A Coruña, 13 de decembro de 2012.

O presidente,

Diego Calvo Pouso

O secretario,

José Luis Almu Supervía